



DECLARACIÓN RESPONSABLE CACHELAS SAN XOÁN E SAN PEDRO 2026

D./D^a: _____

DNI: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO DE CONTACTO: _____

Actuando:

- En nome propio
- En representación de _____, con DNI _____
(deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito a representación, achegando DNI do representado)

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- que con motivo das tradicionais cachelas que de forma típica se celebran en toda Galicia na tarde/noite de **San Xoán**, e atendendo a que por parte da Xunta de Galicia se deixou a criterio dos concellos a autorización das anteditas cachelas, estou interesado/a en facer unha fogueira na tarde/noite do **23 ao 24 de xuño de 2026** a partires das _____ horas,

-que con motivo das tradicionais cachelas que de forma típica se celebran en toda Galicia na tarde/noite de **San Pedro**, e atendendo a que por parte da Xunta de Galicia se deixou a criterio dos concellos a autorización das anteditas cachelas, estou interesado/a en facer unha fogueira na tarde/noite do **28 ao 29 de xuño de 2026** a partires das _____ horas

en:

Localización: _____

Referencia catastral: _____

- que me comprometo ó cumprimento e adopción de todas e medidas de seguridade para a **prevención de incendios forestais** (Decreto 105/2006, do 22 de xuño de 2006), coa responsabilidade que puidera derivarse no incumprimento das mesmas e en todo caso:

- Habará sempre xente ó lado do lume e terán auga suficiente para apagar o lume en caso necesario
- O lume acenderase despexado de posibles riscos de propagación. Unha vez rematado, apagaranse os restos de brasas ata a súa extinción total e deixarase o lugar limpo de refugallos.
- Non se aproveitará a cachela para queimar restos domésticos (colchóns, mobles, tablas, roupa), agrícolas e forestais.



- **A CACHELA NON SE INSTALARÁ EN ZONA DE DOMINIO PÚBLICO.** Os responsables encargaranse de que o lugar sexa axeitado para facera fogueira
- Os organizadores coñecen o número de teléfono dos Bombeiros (080) e o número de emerxencias 112.
- En zona urbana o volume do combustible da cachela non sobrepasará os 3 metros de perímetro, nin 1 metro de altura en zona rural o volume do combustible da cachela non sobrepasará os 5 metros de perímetro/diámetro nin 3 metros de altura.
- A separación entre as cachelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- Non se queimarán neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- Non se colocarán nin exhibirán pancartas que non estean expresamente autorizadas.
- Coñece que a hora límite para rematar a celebración é ás 04:00 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romarías populares.
- Procederáse á limpeza do espazo ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cachela e/ou sardiñada.

Coristanco, _____ de xuño de 2026

Asdo.:

De acordo co establecido no art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, advírteselle que a inexactitude, falsidade e omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CORISTANCO